

Presencia da fenda

Xosé de Cea

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CEA, XOSÉ DE (2011 [2001]). *Presencia da fenda*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/862>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CEA, XOSÉ DE (2001). *Presencia da fenda*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Presencia da fenda

1º PREMIO DE POESÍA LETRAS DE CAL

Xosé de Cea



Presencia da fenda

1º PREMIO DE POESÍA LETRAS DE CAL

Xosé de Cea



Presencia da fenda
© Xosé García Rodríguez
Letras de Cal

Ilustración:
Anxo Pastor

Edita:
A. C. Amaía
Apdo. 142, Compostela
Galiza, xaneiro 2001

Imprime:
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-931169-1-2

Depósito Legal: PO-9/2001

I. A Fenda

Cal si a atraisón do abismo misteriosa
Rosalía de Castro

Et la mer à la ronde roule son bruit
[de crânes sur les grèves
Saint-John Perse

P

réñome

de vertixe

ao saltar dos cantís

á noite

vasta

no mar

inabranquibel

escuro

mar de noite

pendurado

na espera

na anguria

na fuxida

da verdade

que presinto.

Paráfrase deturpada de Emily Dickinson

✓
vertixe

é o ir

para unha alma montesía

ao mar

tralo fisterra

ata o corazón

da Fenda.

*B*aten
as ondas
escuras
na volúbel
beiramar.

O peso
da xerfa
é
a evidencia
do baleiro.

Omar
fendeume
cantís
en furnas.
Aqueles
que cría
rocha esencial
saben agora
da Fenda.

Q
querer
que un istmo
de sereas
nos inocule
o desexo
a navegármono-lo
periplo
mar a dentro
non é
en si
o seu canto?

Finou
a luz
co derradeiro
solpor
e do abalo
deste océano
de tebras
foron testemuña
os farallóns.

Funga
esa marusía
a penas perceptíbel
sibilina
que todo o anega:
Fenda,
furnas,
fisterra...
Fun mete-los fuciños no fedor.

Co báculo da extinción
non habitou ser algún
as vísceras de alcatrán
deste monstro de petróleo.

Cómpre gaivota suicida
pra ter constancia do feito.

Dobran
as ondas
a morto
espiral
de bronce
antigo
as extremas
deste oceano
de atroz
volubilidade
mutan
as súas
fasquías
segundo as
formas
dos limites
da Vida.

Din
de illas
de arquipélagos
afastadísimos
en negras lonxanías
istmos
a dezmar
xeometricamente
cursos fluviais
pra acadando
ningures
en ningures
finar

Botar

na arela
salabardo
pra acadar
só galdrucho
xeracións enteiras
en prea
rilladas
polo seu sol lamacento
en fonda noite.

Q
uixeron
encher
baleiro de océano
coas vísceras
dos náufragos
nos istmos
e mesmo
coas propias
quiméricas
ventrechas.
Xamais
baleiro
encheu
baleiro.

Hai

quen pula
por acadar
constelacións
de sereas.

Na singradura
nin albiscan
afastadísimas
estremas
de interludio
alén vida
sempre.

Degaxan
náufragos
de firmamentos
na fondura
do fuscillo.

A
algúns
afiúzanse en
quilla
pra superar
estes baixíos
de carne fósil
estratos
de arela morta
sepultando
fría anguria
perenne-
voos
camiños
ofuscan
nun delta
de tebras.
Son
náufragos fluviais,
sedimento último.

A
rreguizo
de sombra
xeada
é todo
ao mergullar
saber
de
lazo
no segredo
co devezo
embalsama
cantís
en furnas
socavados.

Astrolabios de ferruxe
e ollos calcinados na salitre
presentes
que con mans balorentas
ofrendan
caterva de estadeas
aforcadas
no seu propio ronsel.

Desdeixar
labirinto
e desterralo
a corrosión perenne
de sombras
e salobres xeadas
conleva implícita
renuncia
ao achado
do centro.

Non hai
caderno de bitácora
que terme
as caducas follas
neste outono iconoclasta.

A tribo
cisma
no errático baixel
do eterno retorno
nas cíclicas vagas
de negrume infinda
namentres
a praia
alicerce da citania
esfarélase
no vagaroso suicidio
da noite
sen volta.

Non mitra
que crebe
a penedía da xerfa
non incenso
que purgue
o fedor da marusía
nin altar
de pesada
fría pedra
que transcenda
os istmos do naufraxio.

Só
transparente
ceibe viático
en senlleira
derrota
non é
comungar
presas de sal
pra golsarse
abraiados
na certeza
da fochanca.

Aínda hoxe
no sollado
dos paquebotes pantasma
momias
desfán
o seu
sorriso
farrapento
de fuscallo
cara a nós
en efluvios
de foira
dende
fosa
en océanos
de formol.

Tecemos
inúteis farrapos
e enchémolos
de medo e anguria
ata acadaren
rango de rostros
vizosos
de aceno escualo
e alentados
co
escuro
salobre sangue
de
vougos corazóns
que xa cortan
vagas
no fisterra.

Demorar

unha postrema nota
no caderno de bitácora,
guindar pola borda
astrolabios e sextantes
e derrotar cara a eidos sen luz
deixando os cantís
en sombra.

Na erma singradura
proclamaranse
baleiro
fenda
na escrita dos ronseis,
sen lúas nin horizontes posibles
que deveñan en ciclos,
na perenne monotonía
da desidia
neste mar
tan salgado como as bágoas,
nafragando
a cada milla,
quizais imaxinando istmos,
quizais imaxinando astros,
ata que a
sommámbula inconsciencia
arribe
ao derradeiro océano,

tan afastado de toda vida
que unha vida xa non chega
pra transgredilo
ou rexeitalo,
e ficase nel,
e inocular
un vagaroso fuscillo
de suicidios,
sen saber,
fenecendo e finando
por fin
na fin,
alén furnas e fisterras,
alén todo,
ata a
definitiva
infalíbel nada.

II. Na fenda

Neuronas licuadas pingando
tempo gris na clepsidra da existencia
vasta queila de orballo somnolento
escoa de parálise
ante os duros cristais da realidade
extorsionado no desexo
dunha posíbel rebelión
que esnaquice a xeometría do caos
en anacos tan ínfimos
exequias aos espacios de silencio.

A
troz quimioterapia
na raia a ningures
este ou aquel ou aqueloutro deserto
onde enterra-los pés na lama
e agarda-lo veneno
de augas estancadas
noutra liña de sombra
cíclica ou latexar de morte
arañeira cosida nas retinas
onde viúva negra
inocula a constancia suicida
de ser alguén na ambigua certeza
da paranoia cribel e aceptada.

Crisol de caos
ciscado aos catro ventos de multiplicidade
renxen as miñas articulacións
un rumor de queilনারquía
manipulando a hipótese consciencia
if the doors of perception were cleansed...
¿E a chave?
teño nas mans
a cinza da sombra da mentira
coa que espremo o cerebro
no fastío monomórfico cotián
calquera vila apodrentada
é opio ao seu pobo
e fende as miñas carnes
guindándollas ao tedio
con gadoupas rañaceos.
A verdade da nogueira de alba
e os electro-shocks da vella montaña
terman do pulso vital da estadea
que a penas acerto a ser
na cova da Hidra melancolía
esgrevio encefalograma de loucura
ampeando nun punto indefinido
do escuro túnel submarino
heart of darkness
no que vivimos sós como soñamos
e onde soñamos cómo vivirmos

monicreques cousificados
lambendo o caramelo de desexo
cando o melmoria devén nun fel
lonxano.

Raigames furando baleiro
na incerteza nómada da posibilidade
sachando vento
remexendo vento
cravuñándolle gadoupas na busca
ao vento
un tempo pra buscar e un tempo pra perder
tempo pra buscar
tempo pra ofuscar
tempo pra buscar e non atopar nada
tempo pra perder
nada
eterno retorno
aos arrabaldos da espiral
esmolando faiscas
da totalidade incerta
alone, alone, all all alone
 alone on the wide wide Sea
velame roto en pairo desolado
inconformista na conformidade
do absurdo
malsá paciencia paranoica
que me fas ver silencios
onde só habita o baleiro,
raigames furando baleiro.

A
rquivoltas de desesperación
mosaico ciclocancro
cadafalso de espellos
clonando tumbas
onde ergo os tocóns nun prece mudo
á absoluta xordeira
aturar este peso
de berce mutilado
embigueira de mar terríbel
sen máis substrato nas raíces
que a vertixe do medo
envurullado
na constancia do plancto
millóns de millonésimas de morte
tea de pel furada
terra decapitada que me extingue.

Diario Secreto de
Hermitas Vázquez Mendoza

Diarario Secreto de
Hermitas Vázquez Mendoza.

Tódalas verbas se esgotan:
ninguén acada a expresarse.¹
¡Calade, calade!²

1 Eclesiastés (I, 8). Qohélet.

2 Miña tía Hermitas berrándolles aos porcos da ceba.

III. Tras Fenda

Rexeitado da túa mesa
asumo o enigmático arrollo
do camiño
e acadarte furtivo
na delongada noite de busca
onde o máis afastado dos niños
é redención da morte vesania
esperanza sen verba
insignificante
no tumulto voraz da queila
significas.

Quizais

TI

só sexas
que o pulo
do corazón
esculpa a vida
sen xugos nin louvanzas
pero non hai ninguén
que corrobore
este azar
do ubicuo.

Este libro rematouse
de imprimir nos talleres de Litosprint
cando se facían 115 anos
do nacemento de Castelao
na vila de Rianxo

Xosé de Cea naceu en Barcelona un martes trece de outubro de 1970. Fillo de emigrantes que o deron todo polos seus fillos e que regresaron en 1984 á Terra que os viu nacer: Palas de Rei. O seu paraíso perdido soa coma o arabesco nº 1 de Debussy no luminoso Mediterráneo ou o rumor de auga e follas nos vizosos bosques de Ribeira da Ulloa. Só unha patria posíbel, Soqui, «coma peirao quedo en bravías augas».

Presencia da fenda é o seu cuarto poemario e o primeiro que publica. Desarraigo, dispersión, baleiro, busca... fenda. Como a vida mesma.

